

ROUCCO

SON

Falamos de rock en galego

Número 21- setembro 2022

Publicación gratuíta
Colle unha!

**DISTANCE SISTERS
TERBUTALINA
GRANDE AMORE
INFRARROJA**

**AGORAPHOBIA
FORGET LA FRANCE
APART
HEREDEIROS DA CRUS**

**BARBARIAN PROPHECIES
LAPSUS MENTIS
MANO DE PIEDRA
KHARMA**



Distance Sisters, blues rock dende Ourense

Por **Patty Castro**

Distance Sisters. Foto cedida polo grupo.



A pandemia que pasamos trouxo moitos cambios na nosa vida, e para os grupos de música o parón dos eventos impediulles durante moito tempo reunirse co público como antes e poder seguir avanzando nos seus traballos no eido musical. Mais, desta volta, quero presentarvos a un grupo que xurdiu, coma moitos outros, a raíz de poder do tempo extra para plasmar a súas inxedanzas musicais que o confinamento supuxo. As irmás ferroláns Paula Díaz, baixista, e Monste Díaz, guitarrista comezaron dar forma nesa época só que grazas a participación das outras dúas compoñentes, a baterista Lucía Espiño e a vocalista e guitarrista Ana Rojas, pasaría a ser Distance Sisters. Un grupo que nace en Ourense cunha clara intención, a de romper con estereotipos preestablecidos musical e socialmente, para poder sacar adiante un proxecto que faga de terapia musical para elas e para os que queiramos compartir o seu bo facer e bo entender.

Monste e máis súa irmá Lucía sempre fixeron as súas cousiñas e sempre que puideron tocaron xuntas sacando adiante os seus propios temas. Mais ocorreu que na escola de música onde ían coñecer a asturiana Ana Rojas, caeronse xenial dende o primeiro momento e pensaron en facer algo xuntas, mais veu a pandemia e tiveron que buscar unha solución. Así que comezaron gravar por pura supervivencia. Despois do encerro pandémico comezaron chamalas para bolos e puxéronse en contacto coa batera Lucía, unha ourensana que conectou dende o primeiro momento con elas. E así foron xuntando as pezas do crebacabezas, sen moito problema e agobio como din elas, de forma natural.

Ó principio, esta banda ourensá facía máis versións, pero comezaron compoñer e sacar temas propios nos que puideron expresar as problemáticas que comparten todas, e reivindicar o empoderamento feminino dentro da industria musical, ou, ás veces, como di Montse, dar unha pa-





tada e romper con todo. Hai poucos grupos de mulleres en activo que fagan rock no panorama galego; elas danse conta, pois a elas mesmas faltábanlles referencias femininas neste estilo tanto nas voces como nos instrumentos. Cando estas a comezar nun grupo, como cando escoitas música en xeral, é algo ben importante verte recoñecida e identificarte co estilo que che gusta.

Na actualidade están a gravar os seus temas con David Quintas de estudios Xilgaro en Ourense, onde tamén ensaian, e xa teñen ganas de presentalos en directo. Esta banda síntese cómoda coas etiquetas de rock e blues, e buscan reflectir o poder curativo, fortalecedor e empoderante da música. Pois elas, como contaba ao principio, utilízana case como terapia, pois é unha liberación, un punto de encontro das súas inquietudes e forza para o seu día a día.

Unhas mulleres bravas que buscan facerse un oco con seu blues rock de voz desgarrada e que mete

as súas raíces en Larkin Poe ou na gran Ana Popovic, grandes referentes para elas como instrumentistas e vocalistas. Unhas músicas que buscan pelexar por apoiar a outras iguais e berrar ben alto que está ben loitar polo que queres. Que ter tempo para poder sacar uns temas co teu grupo e saír tocar ten que poder ser igual de compatibilizable sexas muller ou home. Cabe mencionar o primeiro tema orixinal lanzado pola banda, "Break it down", que nos leva a unha viaxe por ese ese país do blues rock que fai as delicias para as nosa orellas. Estaremos moi atentas ao que están desenvolvendo e desexámo-lles unha longa vida a estas irmáns na distancia e na música.



Judas Priest no Resu: é realmente "Painkiller" unha canción que defina o son do grupo?

O de Judas Priest no Resurrection Fest foi, indubidablemente, un dos concertos clave deste verán en Galicia. Levabamos máis de dous anos agardando por el, xa que o retorno ás nosas terras desta banda pioneira do metal levaba anunciado dende 2019 (anteriormente puidemos velos algunha que outra vez por aquí, como en 2011 no Coliseum da Coruña, no que daquelas foi unha xira de despedida). E o quinteto inglés non só estivo a altura das expectativas, senón que desterrou con contundencia toda posible especulación de que estivesen fóra de forma, dando un verdadeiro concertazo no que repasaron toda a súa historia. E cando unha banda ten máis de 50 anos de carreira, iso é dicir moito.

A pesar de que a banda asegurouse de repasar polo menos un tema da maioría dos seus álbums, houbo un disco que acaprou catro das dezasete cancións interpretadas: Painkiller, de 1990, incluíndo a canción homónima. Esta foi a elegida polo grupo para despedirse antes do bis, e desatou a tolemia dos fans, sendo unha das cancións máis coñecidas do grupo senón a máis. De feito, é común escoitar sobre este tema que é a canción «definitiva» de Judas Priest ou que encarna «o que debe ser o heavy metal clásico». O problema é que ningunha das afirmacións deste estilo son correctas, e revelan un problema de fondo sobre o que entendemos que é o heavy metal. Toca falar sobre «Painkiller».

Na segunda metade dos anos 80, Judas Priest editou dous álbums de estudio: Turbo, en 1986, caracterizado por un son máis melódico e polo emprego de sintetizadores, aliñándose musical e líricamente co movemento glam metal da época; e Ram It Down, en 1988, co que volveron a un son de

heavy metal máis potente e clásico. Porén, aínda que ambos discos conteñen cancións moi apreciadas polos fans, tiveron un recibimento máis ben mixto: nin o estilo máis accesible lles abriu sustancialmente novo público nin o estilo máis duro tiña o mesmo efecto que tivo anteriormente.

Nesta situación de impasse, o grupo optou entón por facer o disco máis duro posible, e neste contexto nace Painkiller. En 1990, o heavy metal do que Judas Priest fora máximo expoñente dende os anos 70 xa dera lugar a infinidade de subxéneros que levaron varias das súas características ao extremo. As bandas xa eran máis rápidas, máis pesadas, ou máis épicas. Judas Priest influenciara a todas elas, e desta volta, resulta moi apreciable como recolleu de volta a influencia do thrash metal, do speed metal ou do power metal para crear o seu novo álbum. Un disco no que se afastaron do heavy metal clásico cara a un son máis escuro incorporando os estilos anteriormente mencionados. Un elemento clave disto foi a incorporación do batería de Racer X, Scott Travis, co seu dominio do dobre pedal no bombo da batería (algo no que os anteriores baterías de Judas Priest foran pioneiros dende os anos 70). Así, a canción homónima do disco, polas escalas empregadas nos seus riffs e melodías e as técnicas elexidas polos instrumentistas, aseméllase máis a unha canción escura de power metal ou a unha canción de speed/thrash metal a medio tempo que a unha canción de heavy metal como tal.

A época de Painkiller, ademais de de innovación musical, foi a un nivel máis persoal problemática para os diferentes membros do grupo, culminando coa saída do lendario Rob Halford pouco tempo despois. Ademais, o baixista Ian Hill estivo

ausente de boa parte das sesións de gravación, xa que en palabras do teclista Don Airey, «non se atopaba ben», e foi este quen gravou cun sintetizador a maioría de partes de baixo do disco. Ao longo dos anos 90, os camiños separados de Rob Halford e Judas Priest tamén estarían afastados do heavy metal clásico: o primeiro proxecto do vocalista tras deixar a banda foi Fight, co que tocaba un estilo derivado do thrash e moi popular nestes anos, o groove metal; e o resto de Priest fixo o mesmo no seu seguinte álbum, Jugulator, en 1997.

A música metal levaba endurecéndose paulatinamente ao longo de toda a súa historia, especialmente a partir dos anos 80, e as grandes bandas clásicas do xénero non eran por suposto alleas a esta tendencia. Cal foi o problema derivado disto? Que ditas bandas seguiron estando asociadas ás etiquetas de heavy metal, heavy metal tradicional ou heavy metal clásico, e coa popularidade (merecida, sen dúbida) de cancións como «Painkiller» o son destas comezou a ser asociada no imaxinario popular co son destes estilos. Así, non é raro que o que heavy metal dos anos 70 ou incluso 80 sexa agora considerado non metal senón rock duro, e moitas veces esa etiqueta aplícase incluso aos primeiros álbums de Judas, que son verdadeiramente o arquetipo do son do heavy metal a diferenza de Painkiller.

Evidentemente, a fronteira entre o rock duro e o heavy metal é e sempre foi absolutamente difusa. O heavy metal naceu do rock duro e foi diferenciándose do resto de estilos de rock de xeito progresivo e natural. E en boa parte dos casos ambos termos poden empregarse de xeito intercambiable, e nun mesmo disco das míticas bandas dos 70 e 80 é ha-





bitual atopar cancións que se encadran mellor no termo hard rock e outras no termo heavy metal. Pero é habitual escoitar definicións moito máis estrictas e limitantes do que é metal baseadas máis nunha percepción relativa da «dureza» da música (que en moitos casos depende do equipamento e a configuración do mesmo empregada nunha gravación ou actuación) sobre os aspectos máis puramente compositivos que son a clave para entender o xénero.

Por suposto, esta progresiva estreitización e endurecemento non é exclusiva do heavy metal. Un caso moi similar é o do hardcore punk, termo que inicialmente se empregaba para o estilo de punk máis rápido e enérxico xurdido moi a finais dos anos 70. Porén, este estilo entremesturouse co thrash metal a mediados dos 80 para dar lugar a estilos como o crossover thrash, e xa nos 90 ao estilo máis lento, pesado e influenciado polo metal chamado beatdown hardcore; en moitos casos este é o estilo no que pensamos hoxe en día cando dicimos «hardcore» a secas, pasando a chamar simplemente punk rock a bandas que fan o que nos 80 se chamara hardcore.


Evidentemente, o que entendemos como parte dun estilo musical ou outro ten un carácter intrinsecamente convencional, e os límites de cada estilo son arbitrarios ata certo punto. Pero a pervivencia destas clasificacións ata o día de hoxe é proba de que como tal son en si mesmas útiles e necesarias para entender a música. Isto da lugar necesariamente a debates que son positivos sempre que non se caia nun purismo desgraciadamente tan común en estilos de música tradicionalmente non maioritarios como o metal ou o punk. Purismo que, o máis das veces, está anclado en percepcións relativamente subxectivas e variables e non en consideracións sobre a composición en si da música. Pero importa máis o como é o riff que a cantidade e a calidade da distorsión empregada para tocalo.

Así pois, se buscamos exemplos perfectos do son do heavy metal por antonomasia, poderemos atopalos nos discos de Judas Priest dos anos 70, que inclúen clasicazos que sonaron en Viveiro este verán como «Victim of Changes» ou «Hell Bent for Leather». E se queremos ver un exemplo de como unha banda clásica puido adoptar os elementos de outros xéneros, entón máis modernos, para renovarse e sacar un clásico fresco e imperecedero, aí temos a Painkiller. É certo que os primeiros sonan menos «duros» que o segundo, pero non podemos caer no estereotipo de considerar que iso é o que define realmente ao heavy metal. No Resu puidose apreciar que foi




en «Painkiller» cando o público se animou a facer pogo, pero tamén é certo que os de Birmingham deixaron fora do repertorio deste concerto cancións dos primeiros álbums máis rápidas que esta, como poden ser «Exciter», «Call for the priest» ou «Rapid fire». En todo caso, cando falamos dun grupo tan influente e crucial como Judas, igual que cando falamos da música metal en xeral, hai que apreciar as súas diferentes etapas sen esquecer ningunha. Porque como dixo un sabio, «acojona, tronco!».





O WOS Festival pecha con éxito a súa sexta edición



2.922 persoas asistiron a un festival cunha programación centrada na música de creación contemporánea, no que foi o regreso do WOS ao seu formato habitual. En total, 25 proxectos sonoros e audiovisuais, ademais de cinema e actividades en torno ao pensamento e o debate, desenvolvidas en doce localizacións de alto valor patrimonial en Compostela. No Teatro Principal se puideron ver os concertos audiovisuais de algúns dos mellores expoñentes da música máis vangardista, como o concerto inaugural do evento, levado a cabo polo referente do witch house Holy Other con visuais do portugués Pedro Maia. O espazo tamén acolleu a estrea mundial de ATAARPHONOAK, o concerto audiovisual que nace da unión de Rafael Anton Irisarri e Florence To; LIMEN, a rotunda mostra do alquimista sonoro francés Aho Ssan e o produtor keniano KMRU; e o peche do festival con FOG, un concerto a cargo da artista neerlandesa-italiana Grand River con visuais do italiano Marco Ciceri.

Unha das grandes novidades desta edición foi a volta da programación de clubbing, que se celebrou nas salas Malatesta e Capitol. O venres puidemos desfrutar das sesións de tunecina Azu Tiwaline, de Tunisia, e mad miran, dos Países Baixos. Ao día seguinte, colleron o testemuño Aquarian, co seu concerto audiovisual Ouroboros, e upsammy. Nestes mesmos lugares tiveron lugar destacados concertos desta edición, como o da inglesa aya, que contou con visuais de Sweatmother, Blackhaine, Prison Religion ou un exclusivo concerto onde se xuntaron os artistas novaiorquinos Rafael Anton Irisarri e Rachika Nayar.

A propia Rachika Nayar despedía a programación da Fundación SGAE, que como é habitual acolleu algunhas das propostas máis singulares do festival. Ademais da estadounidense, puidemos desfrutar dos concertos audiovisuais dos galegos Death Whistle e de Artur M. Puga, que presentou por primeira vez o seu concerto audiovisual xunto ao catalán Shoeg. Tivemos tamén a oportunidade de presenciar o concerto do acordeonista polaco Zbigniew Chojnacki, coa súa particular proposta en torno á im-

provisación.

Un dos momentos máis emocionantes de todo o festival foi a presentación, por primeira vez en España, do novo disco da italiana Caterina Barbieri, Spirit Exit, que deleitou a todo o Auditorio Abanca na tarde do sábado. A referente post-minimalista actuou a mesma tarde que o fixeron a noruego-mexicana Carmen Villain e o británico Coby Sey na Fundación Eugenio Granell.

Na Igrexa de Santo Domingo de Bonaval, Pan-American presentou a súa particular mestura de ambient e guitarras. Por outro lado, na Igrexa da Universidade tiveron lugar os concertos de Ulla Straus e de Sofie Birch, que contou coa colaboración da referente do jazz experimental Nana Pi.

A programación do WOS Festival para o sábado pola tarde saíu dos interiores dos teatros, igrexas e auditorios para regalar á cidade de Compostela unha tarde de música no Parque de Bonaval, con algunhas das propostas galegas máis prometedoras da música contemporánea. crnds, coa particular mestura entre folclore e música electrónica que practica, a DJ compostelá afincada en Berlín Alicia Carrera, e os irmáns vigueses Yugen Kala impresionaron coas súas actuacións ao aire libre.

En relación á programación de cinema, este ano puideron verse en NUMAX tres interesantes propostas: A Symphony of Noise. Matthew Herbert's Revolution, unha viaxe pola mente e a obra do revolucionario músico e compositor británico; Éliane Radigue - Échos, unha visita no medio da pandemia á pionera da música electrónica Éliane Radigue; e O Gemer, un documental sobre o son dos carros de bois vascos.



Precisamente a partir da película xurde unha das actividades do programa de conferencias. En El Gemir de un carro, o director Xabier Erkizia falou sobre a importancia antropolóxica do estudo dos sons. Pola súa parte, Cora Novoa e Rafael Anton Irisarri



mantiveron un interesante diálogo sobre a creación musical. Ademais, Alex Nikolov, Andrea Lamount, o colectivo Karne Kulture, Patricia M. Val, Mounqup e Yugen Kala participaron na mesa redonda Tras el Gran Reinicio, onde se debatiu e reflexionou sobre o impacto da pandemia, a tecnoloxía e os problemas sistémicos que ten a nosa sociedade.

A organización do WOS Festival agradeceu tras finalizar o evento a gran acollida do mesmo un

año máis na cidade á comunidade artística, público, patrocinadores e colaboradores e medios de comunicación. O festival está organizado pola produtora compostelá WORK ON SUNDAY. O evento contou con apoio de SON Estrella Galicia, o Concello de Santiago de Compostela, a Deputación Provincial da Coruña, a Xunta de Galicia a través de Xacobeo 21-22, e AGADIC, ademais doutras institucións e axentes culturais que operan na cidade.



O Napalm Fest volve ao Buril de Sarria o 14 e o 15 de outubro

Barbarian Prophecies



Mano de Piedra



Kharma



Lapsus Mentis



O festival autoxestionado de música underground Napalm Fest volve un ano máis á Asociación Cultural, Deportiva, e Ecolóxica Buril, ubicada en Sarria, para celebrar unha nova edición. O evento está impulsado pola banda lucense de death metal melódico Barbarian Prophecies. Eles mesmos forman parte dun cartel que tamén inclúe ao grupo vasco de crossover e hardcore Nukore, a banda catalá de death/doom God's Funeral, a banda ferrolá de groove metal Kharma, e a tres bandas viguesas: Mano de Piedra co seu sludge metal, Lapsus Mentis co seu thrash metal, e Dioivo co seu black metal melódico.

Ademais deste cartelazo con cinco bandas galegas e dúas do resto do Estado, hai que ter en conta que o Napalm Fest é un festival benéfico, en favor do santuario animal Frente L.A. ubicado en Lugo. Tamén cabe destacar que é un festival feito co obxectivo de promover a música de base, subterránea, concretamente en estilos como o metal ou o hardcore, organizado en torno aos principios do DIY ou Faino Ti Mesmo.

O festival conta así mesmo coa colaboración de numerosos colectivos, selos discográficos e medios de comunicación do ámbito. Cabe destacar entre eles a entidades galegas como o selo Loita Underground, a promotora Solucións Extremas, o estudio de gravación lucense Kollapse Studios ou o podcast Galiza Metálica da nosa colaboradora Patty Castro, que esta a realizar un especial sobre o festival conxuntamente co programa de radio portugués S.O.S. Heavy Metal Radio Show de Filipe Marta. A entrada do festival será de 10 euros, incluíndo ambos días de concertos: o venres 14 e o sábado 15 de outubro. Ademais de no Buril, o festival tamén se ten celebrado previamente noutras localizacións, como na Sala Rebullón de Mos.



**Anúnciate
aquí**

981 463130

ROUCCO SON

Lugo despediu o verán co

Co obxectivo de ser “a última gran festa do verán”, o Caudal Fest volveu celebrarse na cidade de Lugo os pasados días 16 e 17 de setembro. Organizado pola produtora Bring The Noise, responsable tamén doutros festivais galegos como o Resurrection Fest ou o Son do Camiño, contou cun cartaz composto por 21 nomes. A cabezas de cartaz como Estopa, Robe ou Ilegales sumáronse varias artistas galegas, como Infrarroja, Grande Amore, Terbutalina, Apart, Forget la France e Agoraphobia. Rouco Son estivo alí para contarvos como foi o festival e sobre todo para falarvos desas seis bandas galegas que puxeron o broche de ouro ao verán en Lugo.

Infrarroja, sendo unha banda de indie rock formada na propia cidade, exerceu de anfitrión abrindo o festival, ás 17:10 do venres no escenario principal. O sexteto destacou no directo polo seu emprego dos sintetizadores e teclados, que complementan o núcleo de dúas guitarras, baixo e batería dando pinceladas psicodélicas nun estilo baseado no rock alternativo noventa e mesmo no britpop. O grupo ten publicado un EP coa súa música, *Intraterrestre* (2021), e tamén teñen gravada unha musicación de “Romaxe de Nosa Señora da Barca”, un dos Seis Poemas Galegos de Federico García Lorca, como parte dun disco conxunto con outros 5 artistas lucenses.



Caudal Fest

Despois de que os da cidade amurallada deran o pistoletazo de saída, foi a quenda doutros artistas do Estado como Los Flamingos, León Benavente, ou Judeline, alternándose entre o escenario principal e o secundario. Chegadas ás 20:15 saíu ao escenario o primeiro dos cabezas de cartaz da edición, Izal, e o ambiente festivaleiro chegara xa á súa máxima expresión, coa nota negativa das longas colas necesarias para conseguir bebida ou comida. Despois de Izal, que como parte da súa xira de despedida dixo adeus ás terras galegas, Cariño repasou os seus mellores temas no escenario secundario antes da chegada de Estopa, que deron un concerto espectacular no que non faltaron os temas máis destacados de toda a súa traxectoria. O dúo de indie pop Fresquito e Mango deu despois paso a un dos artistas revelación do hip hop estatal actual, Morad, no escenario principal.

De volta no escenario secundario, ás 2:00 comezo o segundo concerto galego da xornada, o de Grande Amore. O mariñao Nuno Pico, procedente do Valadouro e de Burela, e a compostelá María Gallego, mellor coñecida como mariagrep, puxeron a bailar a todo o festival coa súa música, que mestura elementos de electrónica, pop ou rock nun estilo propio difícil de clasificar e instantáneamente recoñecible. Son xa todo un clásico dos festivais galegos, e ficou claro o seu crecemento expoñencial ao ver ao público corear a berros temas como “Vémonos no baño”, “Esta pena que a veces teño” ou “Vamos enchernos (e vamos falar de cousas)”. Grande Amore aproveitou o concerto para presentar ao vivo o seu novo remix do tema de Joe Crepusculo “El tren de la bruja”.

Un elemento a destacar da súa estética son as camisetas de gru-

pos aos que nos teñen acostumados: xa puidemos ver noutras ocasións a Nuno e a María sobre o escenario con camis de Motorhead, Darkthrone, Black Sabbath ou Los Suaves e nesta ocasión repetiron look metaleiro e punkie respectivamente: Nuno con Celtic Frost e María con Eskorbuto. Incluso o realizador audiovisual e cineasta Xaime Miranda, tamén mariñao, que acompañou a Grande Amore gravando o concerto despois de ter traballado xa xuntos en varias ocasións, se puxo a tono cunha camiseta de Mayhem.

Despois, xa ás 3:00 da mañá, tocaba pechar a xornada do venres cos muradáns Terbutalina no escenario principal. O grupo de punk de garaxe fixo gala na primeira metade de concerto da faceta máis indie rock e máis relativamente relexada explorada no seu último álbum Espabila Gallego, de 2019, antes de desatar temas de alta velocidade punkie tan coñecidos en Galicia como “Ben peinados” ou “Compostela”. Deste xeito foi imposible que, a pesar das altas horas ás que se desenvolveu o concerto, ninguén ficase parado, despedindo así con pogos o primeiro día de Caudal Fest.

Unha vez recuperados da festa do día anterior tocaba volver ao recinto nos xardíns do Pazo de Feiras e Congressos de Lugo. De novo, unha banda galega era a encargada de comezar os concertos: nesta ocasión, Apart, un quinteto nacido en Carballo en 2012. En apenas 35 minutos de concerto, comezando ás 17:30 da tarde no escenario secundario, o grupo amosou o seu particular estilo de rock, influído polo disco e o soul e de aire decididamente setenteiro, máis cun toque moderno tamén. Mentres interpretaban as cancións do seu novo disco, We want it all (2022), puidemos disfrutar das pegadizas melo-



Forget la France




Forget la France

días da voz de Inés Blanco, que non restaban protagonismo aos riffs de guitarra e baixo que lles proporcionaban a súa base.

A Apart seguiu o concerto de Ciclonautas no escenario principal, e despois tocaron Forget la France, procedentes de Outeiro de Rei. Este quinteto da comarca de Lugo fundouse en 2018, e a pesar da súa relativamente breve traxectoria impresionaron e deleitaron ao público do festival cos temas dos seus discos 200 Razones (2019) e especialmente o novo Fuimos Aire (2022). Neles puidemos escoitar, nin máis nin menos, o estilo indie rock que tanto se presta para este festival. Ao rematar os seus 40 minutos de set, colleu o testemuño Cupido no escenario principal.

Chegadas as 20:10 era o momento de desfrutar do concerto dunha das bandas de rock alternativo galegas máis destacadas e coñecidas dos últimos anos: Agoraphobia. As de Boiro eran o último grupo galego en actuar no festival, poñendo a guinda no pastel da nosa representación antes dos concertos de Ilegales, Ciudad Jara e Robe, o cabeza de cartaz da noite con dúas horas de concerto. E evidentemente eran as idóneas para facelo, cun son actual e potente que puxo a tona a un público xa quente e cada vez máis numeroso. O cuarteto formado en 2006 fixo gala no concerto da súa dilatada carreira, culminada polo seu último disco, Unaligned, editado en 2019.

Foi entón a quenda dos cabezas de cartaz, aos que seguiron Paranoid 1966 e Delaossa para, xa de madrugada, pechar a noite e poñer fin a esta “última gran festa do verán”. Un festi cunha considerable participación galega (agardamos para seguintes edicións ver máis destas bandas no escenario principal) e que supón unha opción asumible ante outros eventos do estilo pero de maior formato e prezo, aínda nestes tempos de sobrecarga e masificación dos festivais de música. En todo caso, cun cartaz así, cheo de grandes artistas de diferentes estilos, que podería ir mal? Vémonos o ano que vén de novo en Lugo!



Adiada a xira do 30 aniversario de Heredeiros da Crus

O cantante de Heredeiros da Crus, Javi Maneiro, recupérase despois de sufrir un accidente cardiovascular en pleno concerto, motivo que obrigou á banda a cancelar varias datas, e agora a adiar a súa adiada xira de aniversario. O accidente tivo lugar durante a súa actuación no Festival Trece Roeis de Ferreira de Pantón, e aínda que o pronóstico é favorable, o proceso de recuperación total será lento, polo que o regreso ós escenarios non ten unha data definida. O guitarrista do grupo fundado en Ribeira, Antonio Novo «Tucho», sinala que lle recomendaron repouso durante 15 días.

A agrupación, pioneira da escena rock bravú nos anos noventa, transmitiu «total optimismo e tranquilidade» a través dunha mensaxe en redes sociais. «Javi atópase ben e está desando volver subirse aos escenarios e agradece todo o agarimo e amor que está a recibir pola vosa banda», destaca o comunicado.

Heredeiros da Crus xa tivo que cancelar a súa presenza no festival Entre Bateas da Pobra do Caramiñal, onde actuaron os madrileños Hamlet no seu lugar. Tamén suspenderon os concertos que ían a dar a finais de verán en Forcarei, Boimorto e Ferrol, ou a clausura dos concertos de verán de Vilanova de Arousa.



Leis & Negocios SL

Contamos coa garantía de poder recorrer a unha asesora profesional sempre que o necesitamos. Encárgase de todo o pepeleo do noso negocio. Por iso agora disfrutamos máis da nosa profesión e do tempo de lecer.

Pilar Leis Puñal

Avogados e Asesores de empresas
Avda. Romero Donallo, 29
15706 Santiago



Trátase dun blend que combina os mellores grans de cafés de Colombia, de Uganda e de Guatemala. Blend de arábicas que dá lugar a un café equilibrado, cun tostado medio que ofrece a quen o consome unha acidez moderada. Que buscamos con esta mestura do café Gran Orixe?

Ofrecerche a ti, profesional da hostalería, que tes un restaurante, unha cafetería, un bar ou calquera outro establecemento, un café que se manteña fresco e en perfecto estado para servir ao teu cliente o mellor café en calquera momento do día.

Conseguímolos cun envasado pensado para que todas as calidades do café permanezan intactas durante máis tempo nun recipiente metálico que o protexe da luz e a humidade.

Esta conservación das características do café Gran Orixe conseguímolas mediante un coidado tostado diario, e inmediato envasado do café nunha tolva de aluminio, que preserva as características perfectas de café para o seu consumo durante moito máis tempo que envasados máis tradicionais.

SABORA

cafés tostados no día

www.cafesabora.com